

## MESA SECTORIAL

10/02/2026

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA ANTERIOR.

Aprobábase a acta da sesión anterior pendente de aprobación unha vez feitas as alegacións por parte das organizacións sindicais.

### 2º PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO POLO QUE SE REGULA O ACCESO E AS CONDICIÓNIS DE TRABALLO DO PERSOAL DOCENTE INTERINO E SUBSTITUTO.

A administración trae á mesa sectorial unha serie de propostas de modificación do acordo. Entre elas a eliminación do punto décimo terceiro de obrigabilidade de presentarse ao proceso de oposición, modificación do punto vixésimo primeiro (chamamentos) mediante unha nova aplicación que regule o proceso e o establecemento de novos periodos para manter a unha persoa substituta nun posto escollido e sempre por motivación das partes.

Dende ANPE valoramos estas modificacións e queremos facer constar en acta que ditas modificacións son froito do traballo desenvolto por ANPE (e o resto de organizacións sindicais asinantes do Acordo de Interinos) coa Administración. A sinatura de Acordos e o seu desenvolvemento e mellora nas comisións de seguimento dos mesmos é o que trae aparelado a consecución de avances para o profesorado como é este caso.

Valoramos positivamente as modificacións do Acordo, escoitando algunhas das alegacións históricas feitas por ANPE e que, de seguro, farán que o funcionamento das listaxes de interinos e substitutos da nosa comunidade sega a ser do mellor do Estado. Estas modificacións responden á necesidade de actualizar o Acordo de Interinos ao contexto actual eliminando, deste xeito, algúns aspectos por obsoletos.

Complácenos especialmente a non obriga de matriculación ás oposición para persoal xa consolidado en listas, debe eso si axilizarse o seu

reflexo no DOG para ter efecto nesta convocatoria. Precisamos se engada unha especificación concreta para o profesorado consolidado en listas de orientación. **A administración resposta que quedará consolidado todo proceso que figure consolidado nunha lista de substitución e que dará premura á súa redacción para reflexalo xa no DOG. Ademais poñerano claramente na orde de oposición.**

En canto á aplicación para chamamentos, desexamos que se faga o antes posible pero sempre dentro dunha seguridade xurídica e coa prioridade de que o persoal poida conciliar e así deixar un sistema arcaico como eran os chamamentos telefónicos. Cremos que este novo sistema será máis áxil, máis seguro e que permitirá a cobertura de vacantes nos centros dunha maneira máis rápida, redundando desta maneira na calidade do sistema educativo. **A administración resposta que estará operativa para o vindeiro curso con todas as garantías e que comezarán este curso con probas de pilotaxe en determinadas listas de especialidades pequenas.**

Esiximos, unha vez máis ao ser un problema que debe ser xa resolto, o pago dos meses do verán e nomementos nos meses do verán ao profesorado substituto que acredite máis de 5 meses e medio traballados ao longo do curso. Débese cumprir entón a base décimo oitava do acordo e non postergarse máis aló deste vindeiro curso. **A administración non da resposta.**

### 3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: DECRETO OFERTA EMPREGO PÚBLICO DOCENTE.

**A Administración informa dos datos que motivan a reposición de efectivos da OPE: xubilacións (1089), excedencias con perda do posto de traballo (30), falecementos (18), ademais de 119 que entraron na Comunidade**

## MESA SECTORIAL

10/02/2026

Autónoma, saíndo dela 35 docentes (con 10 prazas máis de reingresos á docencia). Sumando o 20% adicional (xa que estamos na taxa de reposición de efectivos máxima fixada pola normativa estatal do 120%) saen 208 prazas máis que dan o total de 1.251 que se ofertan. Engádense 86 prazas de discapacidade para cumprir a sentenza do TSJ.



Desde ANPE denunciámos que non haxa unha posibilidade real de negociación da OPE nin do desglose das prazas por especialidades xa que toda a información foi feita pública en rolda de prensa antes de ser transmitida e moito menos negociada polas Organizacións sindicais no marco establecido que é a Mesa Sectorial.

### 4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO PERSOAL DOCENTE.

A Administración aclara que para facer a distribución das prazas por especialidades tivo en conta o número de interinos en cada unha delas e ampliouse o máximo posible nas especialidades nas que se abriron recentemente convocatoria de apertura de listaxes. Tamén se sacaron especialidades que, pese a non ter un número moi elevado de interinos, levaban moitos anos sen convocarse.

Tamén se fixo a distribución do 7% das prazas de reserva de discapacidade e se acumularon as prazas non cubertas na convocatoria anterior ata chegar ao máximo do 12%. Ademais engádense as 86 prazas de reserva de

discapacidade do 2022 para dar cumprimento a unha sentenza do TSXG.



Por parte de ANPE comezamos denunciando a falta de posibilidade de debate e negociación do reparto de prazas por especialidades (tanto das prazas libres como das de reserva de discapacidade tanto física como intelectual) e o feito de que non se convoquen determinados corpos e/ou especialidades nas que se anticipe apertura de listas en breve. **A administración non da resposta.**

En relación á Orde de convocatoria ANPE reitera que é **importantísimo e fundamental que exista un verdadeiro e efectivo concurso-oposición**. A Administración debe velar polo correcto funcionamento dos tribunais para evitar as múltiples incidencias que se repiten ano tras ano (tribunais que convocan para probas sen respectar a antelación dos chamamentos, probas en horarios intempestivos, modificación do tipo de probas, etc). Ademais de realizarse un reparto equitativo entre prazas a outorgar por cada tribunal, evitando una criba excesiva logo da primeira proba.

Para que exista un concurso-oposición real consideramos que se debe reducir o número de opositores a 70 ou 80 por tribunal. Somos conscientes de que unha das causas de que non exista concurso-oposición real é que os tribunais se ven apurados no tempo para rematar un proceso selectivo en menos dun mes, por tanto é fundamental aumentar o número de tribunais

## MESA SECTORIAL

10/02/2026

para reducir ese “apuro”. Neste senso insistimos que a **eliminación da obriga de matricularse e presentarse para o profesorado interino e substituto consolidado debe repercutir en que se baixe o número de opositores por tribunais. ANPE Galicia demanda tamén que se nomeen tribunais en todas as provincias e que non se repitan sempre nas mesmas localidades, mesmo evitando aquelas que teñan eventos, como é habitual en certas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario. Intercede o Director Xeral para indicar que continuarán coa tendencia de ubicar tribunais fóra das grandes cidades xa que está a dar bos resultados a efectos de aloxamentos e desprazamentos.**



ANPE Galicia considera IMPRESCINDIBLE que todos os membros dos tribunais, sen excepción, sexan nomeados por sorteo. Neste mesmo sentido, naquelas especialidades nas que sexa necesario o asesoramento especializado estes asesores deben ser coñecidos publicamente para poder estar sometidos ás causas de recusación polos aspirantes no caso de que fose necesario. É importante tamén que todos os tribunais estean formados por profesorado da propia especialidade, polo que ANPE considera que, de ser necesario, debería traerse a profesorado doutras comunidades antes que nomear a profesorado que non sexa da propia especialidade. Tamén solicitamos que se adiante, o máximo posible, a data do sorteo dos membros dos tribunais de oposicións previsto inicialmente para o día 13 de abril. A

**administración resposta que o sorteo só será para os vogais, nomeando eles as presidencias.**

En relación ás renuncias a formar parte dos tribunais, agradecemos que se incluíse ás persoas que estean a gozar dun programa PIALE modalidade 2 pero desde ANPE demandamos que se permita renunciar a todos os membros dos equipos directivos dos centros e non soamente aos directores/as. Tamén demandamos que se permita a renuncia no caso de coidado de fillos menores e/ou con grao de discapacidade. A administración non acepta ampliar a posibilidade de renuncia a máis membros de equipos directivos pero informa de que, este ano, como novidade, enviará un correo ao persoal que poida acollerse a unha das casuísticas fixadas para renunciar a ser tribunal de oposicións e que habilitará un apartado dentro de oposicións para facer a petición para, deste xeito, non estar xa incluídos no sorteo público.



Demandamos que se axilice o pagamento ao profesorado que finalmente forme parte dos tribunais. A día de hoxe, 10 de febreiro, aínda hai tribunais dos anteriores procesos selectivos que non percibiron as retribucións que lles corresponden.

ANPE Galicia considera tamén que debe haber uns criterios de valoración das probas comúns para todos os tribunais dunha mesma especialidade así como tamén unhas probas comúns. Debería tamén tratar de garantir o anonimato dos aspirantes na primeira proba. A Administración resposta que os tribunais son

## MESA SECTORIAL

10/02/2026

**soberanos pero cada vez se coordinan máis para poñer as mesmas probas.**

ANPE Galicia considera que os aspirantes deben ter dereito a coñecer a nota de cada unha das partes da proba coa maior inmediatez posible.

Consideramos que a valoración dos méritos da fase de concurso debe levarse a cabo por parte da Administración como se facía hai tempo e non por parte dos tribunais. Así mesmo consideramos que debería ampliarse o prazo de reclamacións ao baremo provisional. As follas de autobaremación deben ser orientativas e deben ser revisadas completamente por parte da comisión baremadora que mencionamos anteriormente (ou, no caso de que non se acepte a baremación por parte da Administración, por parte dos tribunais). **A Administración resposta que seguirá baremando o tribunal.**


ANPE Galicia demanda que se axilice a adaptación de tempo e medios para os opositores e opositoras que o soliciten. Deben saber con tempo suficiente si se lles autoriza ou non. Tamén é importante que os aspirantes coñezan con antelación suficiente os medios que van a poder utilizar para o desenvolvemento das probas. Os tribunais deben dar a coñecer esta información con suficiente antelación e debe trasladarse a información dos aspirantes que teñen concedida adaptación aos tribunais para evitar incidencias producidas o curso pasado. Tamén se debe facer, o antes posible, os chamamentos para as diferentes probas xa que hai que considera que a maior parte dos aspirantes teñen que desprazarse e, polo tanto, deben facer previsións deste desprazamentos con tempo suficiente. **Obtense un compromiso coa administración para axilizar o proceso e tamén a coordinación cos tribunais e así evitar incidencias innecesarias.**

Demandamos que, aqueles aspirantes que superen a proba de coñecemento da lingua

galega ou castelán nunha convocatoria non teñan que presentarse a dita proba en futuros procesos. **A Administración resposta que a lexislación non o permite xa que indica que é requisito ter o CELGA 4 e, no caso de non telo, hai que presentarse á proba.**

En relación ás probas prácticas ANPE considera que hai casos de especialidades nas que as especificacións das mesmas son demasiados xenéricas ou mesmo non se adaptan ao temario das especialidades. É importante tamén que se establezan uns tempos de realización das probas realistas que aparezan claramente na orde de convocatoria. Reiteramos de novo que deben darse instrucións claras aos tribunais para o cumprimento do recollido na convocatoria para evitar modificacións por parte dos mesmos do contido das probas que se produciron en anteriores procesos selectivos.

ANPE solicita que se revisen os módulos de FP sobre os que non se poden facer as programacións. Así como tamén na especialidade de Inglés, para que se poida facer a programación sobre o módulo de inglés de formación profesional. **A administración resposta que o revisará.**



Demandamos que os e as titores e titoras da fase de prácticas sexan da especialidade correspondente.

Demandamos **matrícula gratuita** nos procesos selectivos **para todos os desempregados e**

## MESA SECTORIAL

10/02/2026

**desempregadas e tamén para o persoal en violencia de xénero. A administración resposta que non é competencia súa senón de facenda.**

Debe ampliarse a casuística de acudir a examinarse no hospital para máis tipos de hospitalización e non soamente no caso de hospitalización por maternidade.

En cuanto a custións relativas ao baremo da fase de concurso, **ANPE Galicia considera que deben valorarse as titulacións de linguas vernáculos cooficiais do mesmo xeito que as titulacións de linguas estranxeiras.** Tamén demandamos que se puntuén do mesmo xeito os servizos prestados por aquelas persoas que, desde unha listaxe única, prestaron servizos como substitutos en dous corpos diferentes (como por exemplo, o profesorado das listaxes de inglés de secundaria que prestan servizos como substitutos nas EOI e teñen a metade de puntuación cando prestan servizos neste corpo e se presentan ao corpo de profesores de ensino secundario). Debería tamén puntuarse todos os mestrados oficiais e non soamente un, así como tamén debería puntuarse o Mestrado de Formación do Profesorado naqueles corpos nos que non sexa un requisito. **A administración resposta que non modificará o baremo.**



Demandamos a valoración do nivel C1 de lingua galega. **A Administración o considera un requisito e non o valorará.**

Desde ANPE Galicia demandamos que se restaure o sistema de comunicación dos opositores/as cos tribunais a través da

plataforma dixital habilitada pola Consellería para poder comunicarse de xeito seguro e poder presentar reclamacións. Por outra banda demandamos que **se restaure o prazo de reclamación de notas das probas de dous días que se elimina por primeira vez nesta convocatoria.** Tamén que se permita a gravación das probas orais para maior garantía. **A Administración indica que hai problemas legais (polo tema de custodia das gravacións) e técnicos polo que, de momento, non contemplan esta posibilidade. Revisarán como redactar o tema dos dous días para “reclamar” ante os tribunais para que os aspirantes non o confunda cun recurso administrativo.**

Para finalizar, facer unha serie de aportacións adicionais: demandar que se amplíe o prazo para poder participar no CADP para os opositores e opositoras que superen o concurso-oposición para que pase a 4 días. **A Administración resposta que non é posible xa que os prazos son moi axustados.**

Deben buscarse locais axeitados para a realización das probas aínda que neste senso mellorouse moito con respecto a anteriores convocatorias.

Rematar preguntando a data previsible de publicación da Orde e de comezo do proceso. **A administración determina como límite finais deste mes de febreiro.**

Solicítase unha **ampliación de prazos de chamamentos para as probas** de máis de 24 horas, sendo de 48 horas, para evitar procesos os domingos.

Dende ANPE trasládase a **problemática sobre o emprego da normativa de protección de datos, a cal asemella recurso para unha opacidade do proceso selectivo.** Non debe limitarse o acceso a información que ten que ser de carácter público, non entendendo que sexan estes datos sensibles. Prodúcese entón un risco nesta opacidade e ANPE presentou un escrito,

## MESA SECTORIAL

10/02/2026

entendendo que non ten sustento legal. Intercede o Director Xeral e promete unha reunión co departamento de protección de datos para tratalo e acadar unha fórmula satisfactoria para a transparencia e control sindical do proceso.

### 5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROLDA DE INTERVENCIÓNS.

- Demandamos axilizar a elaboración do Plan de Igualdade.

- Demandamos a actualización urxente do Regulamento orgánico dos centros.
- Demandamos que a Administración cumpra o compromiso, xa manifestado a finais do curso pasado, de abordar a **actualización da normativa de licenzas e permisos. Débese engadir un permiso de 4 días por causas climatolóxicas adversas e o novo permiso ampliado de maternidade/paternidade.**
- **Transmítese os problemas de diversos centros educativos con deficiencias no seu mantemento,** amosando problemas de filtración e deterioros estruturais, como no IES Fernando Blanco de Cee.